

Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a defensa da pesca de quenlla por parte da frota de palangre, así como a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohibe a práctica denominada “finning” e a súa aplicación ao resto das frotas mundiais (doc. núm. 36686).

Emenda de adición

No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“... . Tendo en conta que corresponde á Comisión europea realizar as xestións oportunas nos foros internacionais para que este aspecto se consiga.”

Emenda de adición

Débese engadir, na parte resolutiva, un punto 3 que terá o seguinte contido:

“3. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que inicie co sector un estudo sobre a posible conveniencia, para a flota galega, da aplicación da normativa existente noutros países nesta materia. As conclusións do dito estudo débense trasladar á Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e oportuno debate.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/11/2018 17:35:22





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:36:18
Nº Registro: 41126
Data envío: 29/11/2018 17:36:18.575

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2018 17:35:34

CSV: REXISTRO-17xBah4mB-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **36694 (10/PNC-002945)**, sobre a demanda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao Ministerio de Fomento das actuacións necesarias destinadas a solucionar a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos, que figura na orde do día da Comisión 8ª, que se vai celebrar o vindeiro 30 de novembro de 2018.

Emenda de modificación

Modificar o texto de xeito que quedaría así:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que, conxuntamente co Ministerio de Agricultura, Pesca e alimentación e o Ministerio de Fomento, realicen de inmediato os trámites necesarios para finalizar as modificacións normativas precisas para darlle solución á problemática da potencia de todas aquelas actividades que o aumento de potencia dos motores non supoña maior esforzo pesqueiro.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.”

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:07:51

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:07:55



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Gonzalo Trénor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002662 (32569)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xerados pola estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, así como a ampliación comprometida

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a continuar colaborando co Concello de Vilagarcía de Arousa para detectar as eivas no saneamento municipal e estudar as solucións necesarias, tanto na depuradora municipal como na rede de colectores municipais, habilitando as partidas orzamentarias necesarias para acompañar o ritmo dos traballos”.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/11/2018 17:50:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Gonzalo Trenor Lopez na data 29/11/2018 17:51:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Soraya Salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-003049 (38059)**, sobre o asinamento por parte do Goberno galego dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da implantación de semente produtiva na ría de Ferrol

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar da Deputación da Coruña o igualamento da cantidade achegada pola Xunta (73.400 euros) se finalmente se cumprimenta a solicitude das axudas formuladas polas confrarías

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/11/2018 17:49:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Soraya Salorio Porral na data 29/11/2018 17:50:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a demanda ao Goberno español da transferencia a Galicia dos denominados portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, función e servizos actualmente encomendados a eles (doc. núm. 36752).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno central para solicitarlle que leve a cabo un estudo sobre a posibilidade de transferencia a Galicia dos portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 29/11/2018 18:00:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2018 18:00:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **37716 (10/PNC-003030)**, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en colaboración co sector e as universidades galegas, dun plan integral de apoio ao sector do mar afectado pola normativa europea que obriga ao desembarco da totalidade das capturas, que figura na orde do día da Comisión 8ª, que se vai celebrar o vindeiro 30 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a trasladarlle ao Goberno español e á Unión Europea o máis enérxico rexeitamento desta normativa, demandarlle a súa derogación e proceder a substituíla por outra que teña como finalidade o mantemento da actividade e os postos de traballo. Así como a excluír a flota artesanal da aplicación, reparto e esforzo, proporcional as cotas de cada país, e que as cotas de países que non as pesquen podan transferirse as de países deficitarios como Galiza, e á posta en valor das especies procedentes de descartes.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.”

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:02:22

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:02:27

